

AS VANTAXES COMPARATIVAS DO COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA NO PERÍODO 1984-1994

BEGOÑA CRISTETO BLASCO

Delegada Territorial do Ministerio de Comercio en Galicia

Palabras clave: Comercio exterior; Comparación sectorial; Vantaxes comparativas; Competitividade.

Key words: International trade; Sectorial Comparison; Comparative advantages; Competitiveness.

Resumo

Na evolución do comercio exterior de Galicia durante os últimos anos destacan dúas tendencias importantes: unha, claramente expansiva, con taxas de crecemento normalmente superiores ó conxunto nacional; e un crecente déficit comercial, agás dos dous últimos anos (1993 e 1994), que se viu reducido como consecuencia, fundamentalmente, das repetidas desvalorizacións da nosa divisa.

Sen embargo, estas tendencias xerais non son comúns a tódolos sectores económicos da nosa Comunidade. A análise dos cambios producidos nas vantaxes comparativas permitiríannos determinar aqueles sectores que viron melloradas en maior medida as súas posicións exteriores e a súa competitividade.

Abstract

In the development of the international trade of Galicia for the last years, two important trends stand out: one, definitely expanding, with a growth rate usually higher than the national one as whole; and a rising commercial deficit, except for the last two years (1993 and 1994) when it was cut down basically as a result of the subsequent devaluations of our currency.

Nevertheless, those general trends are not common to all economic sectors of our Community. The analysis of the changes occurred in the comparative advantages would allow us to determine those sectors, which have improved in a

greater extent their foreign positions and their competitiveness.

1. INTRODUCCIÓN

A evolución do comercio exterior español nos últimos anos foi testemuña, basicamente, de dous importantes feitos: o crecemento continuo do desequilibrio comercial e a reaparición a partir de 1988 dun importante déficit por conta corrente.

En efecto, nos últimos nove anos, nos que España xa é membro de pleno dereito da CEE, a situación do noso sector exterior non deixou de presentar síntomas inquietantes: o déficit comercial seguiu aumentando, ata tal punto que no noso primeiro ano como socios comunitarios se duplicou, pasando dun déficit arredor dos 0,8 billóns de pesetas en 1986 a 1,6 billóns no seguinte exercicio; tendencia que non se viu corrixida ata 1993, ano no que a conta comercial da economía española se saldou cun déficit de 2,3 billóns de pesetas. No último exercicio, no que o sector exterior español foi o principal motor da recuperación económica, as nosas contas comerciais exteriores se saldaron cun déficit lixeiramente superior ós 2,5 billóns de pesetas. Este comportamento permite sinalar que ningunha balanza comercial do mundo experimentou, en termos relativos, un empeoramento semellante en tan curto período de tempo.

Xunto con este déficit comercial e malia o xogo das partidas equilibradoras correntes, como son o turismo ou as transferencias, que tradicio-

nalmente financiaron o noso desequilibrio comercial, coa nosa incorporación á Comunidade e, en concreto, en 1988 comezan a aparecer na nosa balanza de pagamentos déficits por conta corrente, alcanzando o seu punto máis alto en 1990, ano no que superaron lixeiramente os 3,4 billóns de pesetas, que representa un 3,4% do Producto Interior Bruto. En 1993, este desequilibrio viuse fortemente reducido ata os 0,5 billóns de pesetas, ante a atonía mostrada pola demanda nacional e a desvalorización da nosa moeda que beneficiou, en gran medida, non só ás vendas exteriores españolas, senón ó saldo final da balanza de servizos, principalmente a través da rúbrica do turismo.

¿Que interpretación pode facerse destes datos? Que un déficit corrente dun 2,4% do PIB de media nos últimos tres anos e un volume de débeda próximo ós 60.000 millóns de dólares, aínda que atemperada por un volume importante de reservas exteriores, podería chegar a significar unha pesada hipoteca que poña en perigo o futuro crecemento do país.

Aínda que a forte entrada de capitais que experimentou a economía española nos últimos anos da década dos 80, ante o próspero investimento estranxeiro e a apelación ó aforro exterior dos axentes económicos nacionais, que permitiu financiar de sobra o noso déficit corrente, evitando que aínda non se incurrira en déficits da balanza básica. Agora ben, non se pode financiar un déficit corrente indefinidamente mediante un préstamo do exterior sen formular, cando menos, dous aspectos: o problema de como será devolto, o que nos introduciría en disertacións sobre como se está utilizando ese aforro exterior; e o atractivo que presenta a economía española actual para os investidores estranxeiros. En principio, non hai por que supoñer que a capacidade financiadora da balanza de capitais se manteña a medio e longo prazo na medida en que a afluencia de capitais está moi directamente ligada á confianza que o investidor ou o prestamista estranxeiro teñen no país ó que envían o seu diñeiro, e unha economía como a española, cun substancial e crecente déficit corrente, é unha economía que lle suscita dúbidas a calquera investidor. Ademais, non debemos esquecer que España está perdendo parte do seu atractivo entre os investidores internacionais. Deixou de ser un país de moda entre as grandes compañías

multinacionais, interesadas, agora que España alcanzou certa madurez, noutras incipientes economías cuns custos moi inferiores de man de obra.

Polo tanto, aínda que España actualmente, dende un punto de vista de interpretación teórica, non ten un problema de balanza de pagamentos xa que o déficit comercial é perfectamente financiable, o deterioro da conta comercial suscita, cando menos, certa incerteza por dous motivos: porque, independentemente de que non haxa problemas de financiamento do déficit comercial, a súa taxa de crecemento suscita por ela mesma unha situación preocupante respecto a cal é a capacidade competitiva da oferta española de mercadorías; e, en segundo lugar, porque nos próximos anos, se o deterioro continúa, poden xurdir problemas de financiamento do déficit comercial que esixirían políticas máis duras de regulación da demanda interna de tipo contractivo que limitarían o crecemento do produto e o emprego nacional.

Chegados a este punto, cabería preguntarse que causas provocaron este empeoramento do sector exterior da economía española nos últimos dez anos. Basicamente poderíamos destacar tres: a adopción por España da Política Comercial Común, o ciclo económico expansivo que se iniciou a finais de 1985 e que se mantivo durante, cando menos, cinco anos e a firmeza do tipo de cambio da peseta.

Tras varios anos de moi lento crecemento, como foron os primeiros anos da década dos 80, a economía española atopouse cunha serie de circunstancias favorables entre as que destacan a caída dos prezos do petróleo, a subseguinte bonanza mundial que se plasmou nun crecemento do comercio mundial e as expectativas desencadeadas pola súa incorporación ó Mercado Común Europeo. Desta forma iníciase en 1985 un ciclo expansivo no que o produto bruto español creceu a taxas superiores ás de case que tódolos países occidentais desenvolvidos. A demanda interna constituíuse como o principal motor dese crecemento. Agora ben, como se encargou de demostrarno-la Teoría Macroeconómica ó longo da Historia, un crecemento rápido da demanda interna produce un desequilibrio no saldo neto exterior, parte da demanda nacional vértese ó exterior, en forma de maiores importacións de bens e servizos, ó mesmo tempo que a

oferta exportable se ve reducida pola presión da demanda interna. Tanto é así que, no caso español e para o período de 1986 a 1991, o saldo neto exterior restóulle entre dous e tres puntos de crecemento ó conxunto da economía.

Noutras circunstancias, eses desequilibrios exteriores producirían unha depreciación do tipo de cambio da peseta, depreciación que serviría de muro de contención parcial do déficit comercial ó encarece-las importacións e abarata-las exportacións. Non foi así, porque, como xa se dixo repetidamente, a notable afluencia de capitais exteriores —en forma de préstamos, investimentos e colocacións atraídas polos altos tipos de interese españois— empuxou á alza a cotización da peseta e serviu, polo tanto, para agrava-lo problema. Abondaría con pensar que o índice de tipo de cambio efectivo real da peseta fronte a países desenvolvidos, medidos polos prezos ó consumo —un indicador da competitividade externa da economía española—, apreciouse, en termos medios, un 7% aproximadamente entre 1989 e 1991.

Non obstante, e sen quitarlles a ningunha destas dúas causas toda a importancia que se merecen, a razón principal da deterioración do saldo comercial radica na integración española nas Comunidades Europeas e os cambios habidos nos instrumentos de política comercial derivados da adhesión, basicamente por un motivo, porque a economía española, que malia a apertura iniciada en 1959 e reforzada en 1970 —co Acordo Preferencial asinado co Mercado Común— viña gozando dun notable grao de protección, viuse sometida a niveis de competencia descoñecidos ata o momento. En primeiro lugar, porque tivo que suprimir tódolos obstáculos, arancelarios e non arancelarios, fronte ós outros once membros do Mercado Común; segundo, porque se incorporou, respecto dos países EFTA, á área de librecambio europea; terceiro porque, ó desaparece-lo imposto de compensación de gravames interiores e ser substituído polo IVE, desapareceu a protección implícita da fiscalidade en fronteira; cuarto, porque se reduciron os aranceis fronte a terceiros países, dado que a tarifa exterior común era substancialmente máis baixa có arancel español; e, por último, porque o seu comercio en moitos países en desenvolvemento quedou encadrado


dentro do marco xeral de preferencias comunitarias, o que obrigou a facilita-las importacións correspondentes. Por outra parte, significa algo máis: que esa maior competencia procede, substancialmente, de países con superior grao de desenvolvemento e con economías máis abertas que a española e afeitas, por outro lado, a competir, sen apoios especiais, nos mercados internacionais.

2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPALES DO COMERCIO EXTERIOR DE GALICIA

Analiza-la evolución do comercio exterior de Galicia dende a incorporación de España ás Comunidades Europeas, obríganos a realizar unha matización importante, provocada pola distorsión producida nas series históricas do comercio exterior por Comunidades Autónomas fronte ó cambio de metodoloxía utilizada pola Dirección Xeral de Aduanas na imputación dos datos import-export entre as distintas rexións españolas. A partir de 1988, empezáronse a contabilizar por primeira vez en función da orixe e destino final das mercadorías e non do domicilio fiscal dos axentes operantes, o que nos impide realizar comparacións coas series históricas anteriores á devandita data. Por este motivo, a análise aquí realizada limitarase ó período comprendido entre 1988 e xaneiro-novembro de 1994.

Se tiveramos que buscar unha característica que definira o comportamento do comercio exterior de Galicia nos últimos sete anos, esta sería indubidablemente a súa *tendencia expansiva*, con taxas de crecemento, iguais ou superiores ás rexistradas no conxunto nacional durante o mesmo período, agás os anos 1991 e 1994. Os datos provisionais dispoñibles para 1994 mostrannos taxas de crecemento importantes para o conxunto do comercio exterior galego, pero inferiores ás da economía nacional no seu conxunto.

Este indiscutible crecemento da presenza de Galicia nos mercados internacionais queda avalado con dous datos: as exportacións víronse incrementadas nun 51,68% en termos nominais, mentres que as importacións realizadas por esta comunidade autónoma ó longo deste período aumentaron un 44,50% (figura 1).




FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX

Figura 1

Consecuencia directa destes dous valores foi o comportamento do déficit comercial galego, do que se pode apreciar a evolución na figura 2, presentando unha tendencia crecente ata 1992, ano no que se cifrou en 148.003 millóns de pesetas. En 1993, as contas comerciais deficitarias da economía galega experimentaron unha redución do 35,07% situándose en 96.092 millóns de pesetas. En 1994 rompeuse lixeiramente esta tendencia cunha taxa de crecemento do 1% e un valor global de 97.109 millóns de pesetas. A taxa de cobertura, pola súa parte, experimentou, asemade, un forte crecemento pasando do 71,18% en 1988 a un 84,42% no último exercicio.

Este maior dinamismo comercial que se vén observando en Galicia nos últimos anos pon de manifesto o importante proceso de apertura da economía galega, tradicionalmente máis pechada cá do resto do Estado. Se en 1989, a participación da comunidade galega no comercio exterior nacional era lixeiramente superior ó 4%, en 1994 esa participación elevouse ata o 4,8%, cifra máis acorde coa que lle correspondería a esta



FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX

Figura 2.- Evolución do déficit comercial de Galicia (1988-1994) (en millóns de pesetas)

comunidade de acordo con outras magnitudes, como a aportación ó PIB nacional, próxima ó 5,69%, poboación, territorio, etc. Do mesmo modo, ó longo destes sete anos, Galicia aumen-

tou o grao de participación das exportacións sobre o PIB, pasando dun 8% en 1992 a un 12,4% en 1993, aínda que manténdose en valores aínda inferiores ós de España no seu conxunto e ós do resto da maioría de países da OCDE.

¿Que condicionamentos ten Galicia para que se manteña aínda nestes valores? No ámbito importador, Galicia está fortemente condicionada por dous sectores: o sector enerxético (capítulo 27 do arancel) e o sector de bens de equipo. No que se refire ó sector enerxético, representou en 1993 un 16% das compras exteriores totais, estando a súa evolución estreitamente ligada á política comercial da empresa "Repsol Petróleo" e á parte da mesma realizada dende a planta da Coruña, que vén representar arredor do 24% da capacidade de refinamento da empresa.

Pero o maior condicionante do incremento do déficit comercial galego foi o aumento experimentado nos últimos seis anos polas compras de bens de equipo exteriores, cifrado en máis dun 61%, pasando de representar un 23,7% da importación total de Galicia en 1988 ó 34,07% en 1993, o que supón máis dun tercio das compras exteriores galegas, quedando fóra de toda dúbida a importancia que estas importacións venñen tendo na renovación da estrutura productiva galega.

No ámbito exportador, Galicia estivo e está condicionada por dous feitos: por unha parte, e igual que o resto do Estado, pola perda de competitividade dos produtos nos mercados exteriores, provocada pola elevada taxa de inflación interna e a posición efectiva da nosa moeda ata finais de 1992 e, por outra, polos propios trazos estruturais que presenta o comercio exterior galego que poderían quedar resumidos nos seguintes: alto grao de concentración da oferta exportadora, mercados exteriores pouco diversificados, estrutura exportadora pouco vertebrada e importancia da provincia de Pontevedra no comercio exterior de Galicia.

Se comezámo-la análise polo primeiro deles, a concentración da oferta exportadora que ofrece esta comunidade autónoma, apréciase ó contemplala a súa estrutura por produtos, onde cinco capítulos, dos 99 que compoñen o Arancel, representan arredor do 70% da exportación total de Galicia: os correspondentes a automóviles, peixe, construción naval, manufacturas de pedra e aluminio.

O alto grao de especialización da exportación galega, aínda que significativo, non debe facernos esquecer-lo segundo aspecto, que é a importancia que o comercio intraindustrial vai adquirindo nesta comunidade. Galicia non está sendo allea ó desenvolvemento que este comercio está adquirindo nas relacións mundiais; máis do 60% do comercio exterior dos países desenvolvidos realízase dentro do mesmo sector ou industria, debido principalmente á especialización que se deriva da apertura de novos mercados e das consecuentes melloras de oportunidades. Abondaría con observa-lo cadro 1, que recolle o comercio intraindustrial dos cinco principais capítulos obxecto de comercio exterior en Galicia, pois a súa análise nos permitiría afirmar que un 63,94% do comercio exterior galego podería ser cualificado de intraindustrial na medida en que se desenvolve dentro do mesmo sector e industria.

O segundo trazo que caracteriza o comercio de exportación de Galicia é a escasa diversificación dos seus mercados exteriores, presentando unha alta concentración na área comunitaria, que absorbe máis do 71% do noso mercado de exportación e que subministra algo máis da metade das compras exteriores desta comunidade.

A estrutura empresarial que presenta a oferta exportadora galega, como terceira característica que determina o seu comportamento, está integrada basicamente por pequenas e medianas empresas cun volume de exportación moi inferior ós 100 millóns de pesetas e cunhas vendas exteriores que non representan máis dun 5-10% da facturación global da empresa. Da análise realizada en 1993 pola Dirección Territorial de Comercio e Delegación do ICEX en Galicia sobre a estrutura empresarial da exportación galega¹ pódense extrae-los seguintes datos, por eles mesmos significativos: tres empresas empuzadas nesta demarcación representan o 37,8% do total exportado por Galicia: a multinacional francesa "Citroën Hispania, S.A.", "Repsol Petróleo, S.A." e "Aluminio Español, S.A."; unicamente 35 empresas exportaron en 1992 por valor superior a 1.000 millóns de pesetas e se facemos diminuír esa cifra a 500 millóns, atopámonos con 75 empresas; do conxunto de empresas exportadoras de Galicia, o 70% están censadas na provincia de Pontevedra. Este último dato permítenos introduci-lo cuarto e último trazo do co-

DESCRICIÓN	EXP.	IMP.	CI
Cap. 87 Vehículos automóbiles e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios	151.044	113.693	85,89
Cap. 3 Peixes e crustáceos, moluscos	39.054	91.470	140,16
Cap. 27 Combustibles	19.504	87.141	163,42
Cap. 44 Madeira, carbón vexetal e manufacturas de madeira	12.645	12.219	98,29
Cap. 84 Maquinaria mecánica	11.156	56.591	167,07
$ICI = \left[1 - \frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} \right] \cdot 100$			
FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX.			

Cadro 1.- Índice de comercio intraindustrial (1993)

mercio de exportacións de Galicia, que é a importancia indiscutible da provincia de Pontevedra no comercio exterior galego. Esta provincia representa o 67% das importacións e o 61% das exportacións non enerxéticas realizadas dende esta comunidade autónoma.

3. ANÁLISE DE VANTAXES COMPARATIVAS REVELADAS (ABSOLUTAS) DO COMERCIO EXTERIOR GALEGO

Tendo como base de traballo a análise obxectiva e pormenorizada da evolución do comercio exterior de Galicia a raíz da incorporación de España ás Comunidades Europeas, levado a cabo nos informes realizados dende a Dirección Territorial de Comercio e Delegación do ICEX en Galicia e publicados polo Banco Pastor, a análise que a seguir se desenvolve pretende servir de complemento ó tratar outro aspecto do comportamento do comercio exterior galego: o balance e evolución da cota global de mercado exterior dos diferentes sectores. Para iso realizárase unha análise das vantaxes comparativas reveladas dos mesmos no período 1988-1993, centrándonos en dous dos catro trazos estruturais que presenta a exportación galega e que destacamos con anterioridade, como son a súa alta concentración sectorial e de mercados.

Partindo da análise dun índice de vantaxes comparativas reveladas absolutas², e como se po-

de apreciar no cadro 2, obsérvase que se obtiveron melloras nas vantaxes comparativas reveladas practicamente en tódolos sectores nos que se agruparon os distintos capítulos arancelarios³, agás en dous, o correspondente a semimanufacturas, especialmente a industria química, en concreto, os produtos químicos inorgánicos, e o sector de bens de consumo cunha perda de 6,2 puntos. Dentro deste sector destacan as desvantaxes experimentadas en prendas de vestir (agás de punto) e produtos editoriais.

No que se refire ó sector primario, de tanta importancia para o comercio exterior de Galicia, apréciase unha mellora de vantaxe comparativa revelada ó longo dos últimos 6 anos de 3,1 puntos, debendo realizar matizacións en función dos dous subsectores que o compoñen: produtos agrícolas e materias primas. Comezando polo primeiro, e tendo en conta a composición deste gran subsector en Galicia no que 4 dos 24 capítulos que o configuran supoñen preto do 65,69% das súas vendas exteriores, a ganancia de cota de mercado que revela o cadro 2 céntrase basicamente no sector cárnico e o sector de peixe, destacando a mellora do sector de conservas de peixe, debido especialmente ó seu comportamento favorable no último exercicio, beneficiado pola desvalorización da peseta, pero tamén, en gran medida, polos grandes investimentos que se están producindo no sector conserveiro, que dende as súas orixes apostou por incrementala súa presenza nos mercados exteriores.

SECTOR	1988	1989	1990	1991	1992	1993	Dif. (93-88)
ENERXÉTICOS	-46,38	-53,01	-57,28	-72,38	-63,11	-63,42	-17,04
NON ENERXÉTICOS	-9,49	-9,78	-8,77	-12,11	-13,73	-3,34	6,15
SECTOR PRIMARIO	-30,17	-29,45	-30,19	-28,07	-28,48	-27,04	3,13
Productos agrícolas	-47,87	-41,91	-41,44	-37,27	-37,02	-32,49	15,38
Materias primas	21,36	3,49	-0,95	-1,98	-2,96	-7,29	-28,65
SEMIMANUFACTURAS	18,96	24,86	17,71	12,89	9,32	17,37	-1,59
Industria química	-9,32	-15,01	-12,36	-25,89	-34,38	-29,78	-20,46
Metais	11,77	27,21	10,67	13,91	10,85	19,57	7,80
Outras semimanufacturas	78,49	75,84	76,39	72,43	74,99	83,15	4,66
MANUFACTURAS	-5,61	-10,09	-3,75	-10,08	-11,17	4,75	10,37
Bens de equipo	-2,45	-6,57	0,68	-4,11	-4,06	10,70	13,15
Maquinaria	-64,53	-60,52	-64,34	-69,30	-71,63	-55,02	9,51
Material de transporte	30,36	19,84	31,24	27,81	25,92	26,96	-3,39
Bens de consumo	-28,49	-39,28	-38,64	-47,87	-46,79	-34,78	-6,29
Peletería	-3,26	-12,60	4,84	10,77	2,64	15,56	18,82
Téxtiles	-46,22	-53,94	-49,27	-51,79	-55,18	-43,37	2,86
Outros bens de consumo	-29,22	-33,02	-38,11	-59,34	-45,10	-27,50	1,71
TOTAL	-16,83	-18,24	-17,56	-21,30	-20,98	-10,04	6,79
$\text{Índice de vantaxe comparativa revelada (absoluta)} = \left[\frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} \right] \cdot 100$							
FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX.							

Cadro 2.- Vantaxes comparativas reveladas (absolutas) no período 1988-1993

A outra cara da moeda, dentro do sector primario, a constitúe o sector de materias primas. Nestes últimos seis anos, este sector, que agrupa productos tan importantes para o conxunto do comercio exterior de Galicia como a madeira e o granito en bruto, foi perdendo paulatinamente vantaxe comparativa especialmente no que se refire a este último produto, que perdeu 24,6 puntos no período obxecto de estudo. A análise dos 5 capítulos do arancel que configuran o sector forestal (cap. 44-48) pon de manifesto a desvantaxe acumulada en madeira e as súas manufacturas e pasta de madeira, sendo moito máis acusada en papel e cartón, segundo produto en importación do sector dende esta comunidade autónoma.

O sector de bens de equipo no seu conxunto, composto polos subsectores de maquinaria e material de transporte, experimentou unha ganancia relativa, en parte gracias á recuperación da competitividade no último ano, unha vez que o tipo de cambio da nosa moeda se situou, tralas res-

pectivas desvalorizacións, en niveis onde a capacidade de competitividade das empresas galegas foi maior. Se analizamos separadamente os dous subsectores, o correspondente a maquinaria rexistra, nas súas dúas vertentes, ganancias relativas, tanto no apartado de maquinaria mecánica como no de eléctrica, aínda que máis acusada neste último. O subsector transporte, pola súa parte, presenta un comportamento distinto segundo se analice o sector de transporte terrestre ou marítimo. Mentres que no grupo de transporte terrestre se produciu un empeoramento do índice de vantaxe relativa, especialmente polo comportamento do subsector de compoñentes, en cambio, o grupo de material de transporte marítimo rexistra unha melloría da súa vantaxe revelada de máis de 30 puntos, debida ó forte crecemento que no volume total de exportacións da industria naval supuxeron as vendas realizadas pola firma ASTANO a Liberia.

Polo que, respecto ó segundo trazo que caracteriza ó comercio exterior de Galicia, que

sinalamos como a súa elevada concentración na área comunitaria, e seguindo coa análise das vantaxes comparativas reveladas que nos permitirá facer un balance da conducta da cota global do mercado galego en cada un dos países que configuran a CEE, e tendo en conta o período 90-93, se observa unha mellora das devanditas vantaxes de 2,05 puntos. Por países e como se reflicte no cadro 3, Galicia experimentou unha melloría importante en Reino Unido, Alemaña, Bélxica e Grecia; perdeuse, pola contra, vantaxe no mercado francés, provocado pola forte taxa de crecemento das importacións, especialmente en 1993; e, igualmente, houbo redución cos Países Baixos e Irlanda. Portugal, país de gran tradición no comercio con Galicia, rexistrou unha melloría de 8,5 puntos no período analizado.

PAÍS	1990	1993	Dif. 93-90
Francia	1,59	-31,49	-33,08
Bélxica	-19,83	46,04	65,86
Países Baixos	29,50	-26,16	-55,66
Alemaña	-20,54	35,59	56,13
Italia	27,69	32,75	5,07
Reino Unido	-60,07	12,09	72,17
Irlanda	-12,52	-37,31	-24,79
Dinamarca	-70,41	-49,33	21,08
Grecia	22,93	77,24	54,31
Portugal	23,18	31,72	8,54
Total CEE	-2,81	-0,76	2,05

FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX.

Cadro 3.- Saldo coercial relativo Galicia-CEE

Na figura 3 recóllense as variacións rexistradas nos cinco principais mercados de exportación desta comunidade autónoma respecto ós cinco principais produtos exportados a eses mercados en 1993.

Comezando polo *mercado francés*, mercado que representa o 21,4% da exportación global de Galicia, obsérvase como o sector do automóbil perdeu vantaxe comparativa ó igual cá lousa,

sector cunhas vendas exteriores, por outra parte, que se destinan nun 46,2% ó mercado galo. O sector do peixe e o lácteo gañan vantaxe competitiva.

Dos cinco primeiros produtos de exportación ó *mercado portugués* destaca a melloría de vantaxes rexistrada polos produtos aluminicos, en contraste coa perda no sector do peixe e nas prendas e complementos de vestir.

No que se refire ó *Reino Unido*, terceiro mercado receptor de produtos galegos, ó longo destes últimos 4 anos o material de transporte tanto terrestre coma marítimo gañou vantaxes, mentres que sectores tradicionais nese mercado como a madeira, o peixe e o petróleo foron perdendo paulatinamente as súas vantaxes no tempo.

Segundo a figura obxecto da nosa análise, os produtos galegos presentes tradicionalmente no *mercado italiano* aumentaron as súas vantaxes comparativas absolutas, agás as conservas de peixe. Neste sentido destaca a ganancia rexistrada no sector automobilístico e do peixe. No tocante ás vendas de granito a Italia, que figura como o quinto capítulo en orde de importancia, mantéñese practicamente estable ou lixeiramente ascendente en 1,08 puntos.

Respecto a *Alemaña*, a liberalización do comercio español e, por conseguinte, do comercio de Galicia trouxo aparelhada unha perda de vantaxe comparativa en tres sectores: o aluminio, as conservas de peixe e a pasta de madeira, gañándoa, pola contra, o sector automobilístico e a lousa, aínda que en menor proporción.

4. CAMBIOS DE TENDENCIA NA COMPOSICIÓN SECTORIAL


Un paso máis na nosa análise pode realizarse partindo da evolución das vantaxes reveladas relativas, o que nos permitirá analiza-los cambios de tendencia na composición sectorial do comercio exterior galego no mesmo período, comprendido entre 1988-1993⁴. O único gran sector industrial no que se aprecia unha mellora ostensible da súa vantaxe revelada relativa é o de bens de equipo (6,35 puntos no período analizado), debido á mellora producida no subsector de maquinaria, máis en concreto no correspondente a maquinaria eléctrica (24,02 puntos). No que se refire ó material de transporte, o outro gran sub-

sector que compón o epígrafe bens de equipo, apréciase unha perda de 10,17 puntos no período obxecto de análise debido en gran medida ó comportamento do sector de transporte terrestre, que rexistrou un empeoramento do índice de vantaxe relativa de 22,53 puntos basicamente como consecuencia dos resultados dos dous últimos anos.

No cadro 4 obsérvanse, asemade, dous sectores cunha perda apreciable da súa posición relativa: o sector de bens de consumo e o de semi-manufacturas.

No primeiro caso, produciuse un empeoramento de 13,09 puntos debido, en parte, ó comportamento do sector téxtil e, en concreto, ó capítulo máis importante: prendas e complementos de vestir.

A análise do comportamento do sector primario require un estudio individualizado dos subsectores que o compoñen, nos que o seu comportamento seguiu unha tendencia distinta ó longo destes últimos 6 anos. Así, mentres que se aprecia unha melloría importante no subsector de produtos agrícolas (8,58 puntos), non se pode



FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX

Figura 3.- Vantaxes comparativas de Galicia coa CEE (1990-1993)

SECTOR	1988	1989	1990	1991	1992	1993	Dif. (93-88)
ENERXÉTICOS	-29,55	-34,78	-39,72	-51,07	-42,13	-53,38	-23,84
NON ENERXÉTICOS	7,34	8,46	8,78	9,19	7,24	6,70	-0,65
SECTOR PRIMARIO	-13,34	-11,22	-12,64	-6,77	-7,50	-17,00	-3,66
Productos agrícolas	-31,03	-23,68	-23,88	-15,97	-16,04	-22,45	8,58
Materias primas	38,20	21,73	16,61	19,32	18,02	2,75	-35,45
SEMIMANUFACTURAS	35,80	43,10	35,27	34,19	30,30	27,41	-8,38
Industria química	7,51	3,23	5,20	-4,59	-13,40	-19,74	-27,25
Metais	28,61	45,44	28,23	35,22	31,83	29,61	1,00
Outras semimanufacturas	95,32	94,07	93,95	93,73	95,97	93,19	-2,13
MANUFACTURAS	11,22	8,15	13,80	11,23	9,80	14,79	3,57
Bens de equipo	14,38	11,67	18,23	17,20	16,92	20,74	6,35
Maquinaria	-47,69	-42,29	-46,79	48,00	-50,65	-44,98	2,72
Material de transporte	47,19	38,08	48,80	49,11	46,90	37,00	-10,19
Bens de consumo	-11,65	-21,04	-21,08	-26,57	-25,81	-24,74	-13,09
Peletería	13,57	5,63	22,40	32,08	23,62	25,60	12,03
Téxtiles	-29,39	-35,71	-31,72	-30,49	-34,20	-33,33	-3,94
Outros bens de consumo	-12,38	-14,78	-20,55	-38,03	-24,12	-17,46	-5,08

$$\text{Índice de vantaxe comparativa revelada (relativa)} = IVR = \left[\frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} - \frac{X - M}{X + M} \right] \cdot 100$$

FONTE: Dirección Territorial de Comercio en Galicia. Ministerio de Comercio e Turismo. ICEX.

Cadro 4.- Vantaxes comparativas reveladas (relativas) no período 1988-1993

dici-lo mesmo do correspondente a materias primas, cunha perda apreciable da súa posición relativa en máis de 35 puntos, debido en gran medida ó comportamento do sector do granito.

Dentro dos produtos agrícolas, destaca o comportamento positivo dos produtos da pesca e os cárnicos, fronte á lixeira perda das vantaxes comparativas reveladas do sector de conservas de peixe.

5. CONCLUSIÓN

A modo de conclusión podería sinalarse que o comercio exterior galego e, sobre todo, o ámbito exportador experimentou ó longo do período obxecto de análise un dobre axuste: o axuste que poderíamos chamar macroeconómico, derivado das sucesivas desvalorizacións da peseta dende finais de 1992 e a caída da demanda interna provocada pola recesión da economía es-

pañola en xeral, que derivaron nunha maior presenza dos produtos galegos nos mercados internacionais con taxas de crecemento importantes, sobre todo, se as comparamos coas taxas da economía española no seu conxunto; e, á súa vez, o debido a que nestes últimos seis anos se produciu unha modificación do patrón de vantaxes comparativas reveladas en favor dos sectores fabricantes de bens de equipo e, en concreto, de maquinaria, en contra de sectores máis tradicionais como o material de transporte terrestre e a pedra ornamental.

NOTAS

1. *Comercio Exterior de Galicia. Informe 1992*. Be-goña Cristeto Blasco e José Sánchez de San Dá-maso. Colaboración: Dirección Territorial de Comercio e Delegación do ICEX en Galicia. Patro-cina: Banco Pastor.

2. A análise realízase utilizando o índice anual

$$IVC = \left[\frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} \right] \cdot 100$$

O índice mostra se mellora ou empeora a posición de vantaxe comparativa revelada de cada sector nese período. Se ó longo do tempo, o índice aumenta (faise máis positivo ou menos negativo) é que o sector gaña vantaxe comparativa; se o índice diminúe (faise menos positivo ou máis negativo), o sector perde vantaxe.

3. Agrupación capítulos arancelarios:

• *Sector primario:*

 Productos Agrarios: Cap. 1-24.

 Materias Primas: Cap. 25-26 e 44-48.

• *Semimanufacturas:*

 Industria Química: Cap. 28-40.

 Metálicos: Cap. 72-83.

 Outras Semimanufacturas: Cap. 68-70.

• *Enerxético:* Cap. 27.

• *Manufacturas:*

 Bens de Equipo:

 Maquinaria: Cap. 84-85.

 Material de Transporte: Cap. 86-89.

 Bens de Consumo:

 Peletería: Cap. 41-43.

 Téxtiles: Cap. 50-63.

 Outros Bens de Consumo: Cap. 00, 49, 71, 64-67 e 90-99.

4. O índice utilizado agora é

$$IVR \text{ (relativas)} = \left[\frac{X_i - M_i}{X_i + M_i} - \frac{X - M}{X - M} \right] \cdot 100$$

e indica a situación relativa na que se atopa cada ano o sector ou grupo de productos analizados respecto ó total do comercio exterior.